



# IX Bienal da Caricatura

Ourense 2008





# IX Bienal da Caricatura

Ourense 2008





# BIENAL

Organizan:  
Casa da Xuventude de Ourense  
Concellaría de Cultura de Ourense

Patrocinan:  
Concello de Ourense  
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

Colaboran:  
Centro Cultural Deputación Ourense  
Gran Hotel San Martín  
Humorgrafe de Lisboa  
Museo Municipal de Ourense  
O Liceo de Ourense  
Universidade de Vigo – Vicerreitoría do Campus  
de Ourense

Comisión organizadora:  
Benito Losada  
Filemón Rivas  
Luz Rodríguez  
Juan de Sas  
Henrique Torreiro  
Eva Torres

Cartel Bienal da Caricatura:  
disigna **edenia**  
sobre caricatura de Turcios

*Os 'copyrights' das ilustracións e dos textos incluídos  
na presente libro son propiedade de cada un dos autores.  
Ningunha parte do libro pode ser reproducida  
sen o correspondente permiso.*

Enderezo de contacto:  
Comisión organizadora da Bienal da Caricatura  
Casa da Xuventude  
Celso Emilio Ferreiro, 27 • 32004 Ourense  
Correo electrónico: [casa@casaxou.com](mailto:casa@casaxou.com)

# CATÁLOGO

Editan:  
Concello de Ourense  
Casa da Xuventude de Ourense

Caricatura da capa:  
Turcios

Textos:  
Siro López, Benito Losada, Osvaldo Macedo de  
Sousa, Xavier Paz, Jesús Portela, Marcos Valcárcel  
e Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Coordinación:  
Benito Losada

Preparación de textos:  
Henrique Torreiro

ISBN:  
978-84-87623-67-7

Depósito Legal:  
OU 32-2008

disigna **edenia**

Tiraxe:  
1.000 exemplares, marzo de 2008

Fotomecánica e impresión:  
RODI Artes Gráficas



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA  
CULTURA E DO BENEZEFICEN  
Dirección Xeral de Xuventude e  
Solidariedade



tenencia de alcalde  
MUNICIPIO DE OURENSE





# sumario

Artista invitado. Turcios .....	9	caricaturistas galegos.....	75
<i>Turcios. Un colombiano en Ourense</i>		<i>caricaturas a esgalla</i>	
texto de Siro López .....	11	texto de Marcos Valcárcel .....	77
Turcios .....	13	Abraldes .....	78
Artista histórico. João Abel Manta .....	23	Aguilera .....	80
<i>Homenagem a João Abel Manta pelo seu 80º aniversário</i>		Pepe Carreiro .....	84
texto de Osvaldo Macedo de Sousa .....	25	Dávila .....	86
Alvaro Santos, André Oliveira .....	29	Estévez .....	88
Antonio Amado .....	30	Gogue .....	92
Antonio Santos, Carlos Amorim .....	31	Nacho Hortas .....	96
Daniel Moreira .....	32	José Tomás .....	98
Luis Afonso, João Mascarenhas .....	33	Leandro .....	102
José Santos, Michel Casado.....	34	López .....	106
Nelson Santos .....	35	Xaquín Marín .....	108
Paulo Veloso .....	36	Pinto e Chinto .....	112
Pedro Alves, Ricardo Galvão, Paulo Fernandes .....	37	Omar .....	114
Ze Oliveira .....	38	Orballo .....	118
Homenaxe. 25 anos do Carrabouxo .....	39	Miguelanxo Prado .....	122
<i>homenaxe ao Carrabouxo</i>		Fernando Quesada .....	126
texto de Afonso Vázquez Monxardín Fdz. ....	41	M. B. Rei .....	130
Kiko da Silva.....	43	Suso Sanmartín .....	132
Leandro .....	44	Santy .....	136
Pinto & Chinto .....	45	Kiko da Silva .....	140
Santy .....	46	Calros Silver .....	144
Siro .....	47	Siro .....	148
Retranca .....	49	Tonisavski .....	152
<i>retranca</i>		Valcárcel .....	156
texto de Xavier Paz .....	51	Veiga .....	158
retranca, portadas.....	52	Xosé Lois .....	162
Kilo da Silva .....	56	IX concurso para caricaturistas noveis .....	167
Autor galego. Gogue.....	57	Juan L. Pérez Rodríguez <i>Premio á mellor colección</i> ..	171
<i>Gogue, o debuxo galego universal</i>		Miguel Casado Freire <i>Premio á mellor caricatura</i> .....	177
texto de Jesús Portela .....	59	Daniel Iglesias Padrón <i>Premio á mellor caricatura</i> ...	178
Gogue .....	60	Roi Rodríguez Cagiao <i>Premio á mellor caricatura</i> .....	179
As voces líricas do século xx.....	65	Miguel Ruiz Díaz <i>Premio á mellor caricatura</i> .....	180
<i>as voces líricas do século xx</i>			
texto de Osvaldo Macedo de Sousa .....	67		
Joaquim Aldeguer .....	68		
Antonio Amado, Carlos Amorim .....	69		
Ferreira dos Santos, Rui Duarte .....	70		
Henrique, Rodrigo de Matos .....	71		
Zé Manel, Pê .....	72		
Rui Pimentel, Miguel Salazar .....	73		
Nelson Santos, Sex .....	74		





Chega a Bienal da Caricatura de Ourense á súa novena edición, proseguindo na súa andaina a prol do humor gráfico, disciplina entre cuxas especialidades ocupa un lugar destacado, naturalmente, a do retrato caricaturesco.

A Bienal pretende, desde os seus comezos en 1992, pór en evidencia a importancia do humor gráfico na nosa cultura, xa que, talvez polo seu carácter inmediato — moitas das veces, de resposta á actualidade—, a arte da caricatura pode resultar efémera á vista dos lectores, e, dalgún xeito, quedar invisíbel fóra do seu contexto orixinal. A Bienal reivindica, pois, o valor do humor gráfico a través de exposicións e distintas actividades que buscan levar a caricatura a outros ámbitos de destaque na nosa sociedade.

Tal e como ocorreu nas anteriores, esta edición —e por extensión o presente catálogo— deixa constancia de novas caras no panorama político, nos medios audiovisuais, no deporte..., en fin, na sociedade en xeral. Deixa, efectivamente, moitas olladas intelixentes aos diversos acontecementos sucedidos nestes dous últimos anos, acontecementos que os humoristas gráficos son capaces de sintetizar nunha visión que, na maioría das ocasións, non só é enxeñosa e con chispa, senón tamén crítica, capaz de levar á reflexión do público lector.


Tamén serven Bienal e catálogo para detectar unha maior atención dos medios ao humor gráfico, o que se traduce en 26 humoristas galegos que fan sorrir os galegos desde as páxinas dos xornais e as revistas. Unha das exposicións, tradicional no programa das bienais ourensás, procura xustamente dar un repaso ao traballo deses Caricaturistas Galegos, no Museo Municipal.

As outras sete exposicións que se inclúen no programa desta edición repártense por catro espazos máis da cidade. No Centro Cultural Deputación de Ourense localízase a mostra en homenaxe ao autor portugués João Abel Manta; está organizada por Humorgrafe, ao igual que a que se pode ver no Liceo, que conforman caricaturas —realizadas por autores portugueses e españois— das figuras da ópera do pasado século. No campus da Universidade, expostas ao aire libre, encóntranse as obras dunha dúcia de autores galegos en homenaxe aos 25 anos do Carrabouxo, popular personaxe creado polo ourensán Xosé Lois; tamén acolle o campus universitario unha mostra sobre os cinco primeiros números da revista galega *Retranca*, e mais outra sobre o personaxe Floreano, de Gogue. Finalmente, na Casa da Xuventude, e como vén sendo habitual, poden apreciarse os premios e as obras seleccionadas do IX Concurso Galego de Caricaturistas

Noveis, alén da exposición do artista convidado, nesta edición o colombiano Turcios.

Completan o programa a presentación de dous libros —‘O Farelo’: *Catálogo de autores*, editado polo periódico *A Peneira*, e *O humor non engorda...!*, de Kiko da Silva, publicado por Biblos—, así como unha nova edición da xa tradicional Festa da Caricatura; nela, máis unha vez, destacados autores portugueses e galegos agasallarán os asistentes con caricaturas feitas no momento.

Quen non teña a oportunidade de acudir ás exposicións e actividades desta novena Bienal da Caricatura pode, polo menos, intuír o seu contido a través da breve ollada que permite este catálogo, e tentar así somerxerse nesa visión distinta da realidade que ofrece o humor gráfico, visión, insistimos, en moitos casos máis afinada e efectiva do que nos pode parecer.





# *Turcios*

Artista invitado



# Turcios. Un colombiano en Ourense

Siro López

Pregúntome que diría don Vicente Risco se erguese a súa magnífica cabeza e vise as caricaturas que o colombiano Omar Alberto Figueroa Turcios expón nesta Bienal da Caricatura de Ourense. Penso en Risco porque el foi o modelo que Castelao escolleu para explicar o que é unha caricatura «arbitraria». Risco aparece no deseño de Castelao convertido nun triángulo isósceles co ángulo máis agudo orientado cara abaixo, que leva inscrita unha circunferencia na que o centro está marcado por un punto. Máis nada.

¿E el iso é Risco? É Risco; sen dúbida. Recoñécese perfectamente.

¿E el iso é unha caricatura? Co regulamento dos intolerantes que non saben ler entre liñas, pode que non. Coa manga ancha dos xuíces intelixentes e de ollada ampla, claro que si.

A caricatura deforma a realidade para obter unha semellanza co modelo superior á que se pode obter cun retrato convencional. A técnica do caricaturista consiste en descubrir a expresión do modelo, apreixala e salientala. O debuxo pode esaxerar pouco ou moito. Hainos que deforman ou esaxeran pouco e son espléndidas caricaturas, e hainos que deforman e esaxeran moito e non o son.

Nos últimos vinte anos a prensa española valorou como achega innovadora as caricaturas deformadas e esaxeradas ata o límite. Caricaturas nas que a semellanza física importa menos que o

alarde de orixinalidade e de técnica que mostra o deseño. Nos últimos vinte anos, foise impondo de forma progresiva a caricatura «arbitraria», que Castelao mostrara como un xogo.

Un xogo é, e así hai que entendela, este xeito de retorcer o rostro, o corpo todo dun modelo, para darnos del unha visión inimaxinable. Turcios xoga a este xogo e faino con extraordinaria ousadía, como o funámbulo que sobe ao arame e fai toda clase de cabriolas, sen rede protectora. Se digo que os personaxes de Turcios son «cubistas», non me refiro a que os vemos desde distintas perspectivas, que tamén é certo, senón a que Turcios parece pintalos sobre o *Cubo Mágico*, o crebacabezas mecánico que inventara o arquitecto e escultor húngaro Ernő Rubik, para despois facelo xirar como mellor lle pete.

No xogo da caricatura arbitraria Turcios é un xogador habelencioso, con acertos extraordinarios, recoñecidos con numerosos premios internacionais. Das caricaturas que trouxo a Ourense —todas excelentes— eu levaría a un hipotético *Museo Internacional da Caricatura* a de Arafat, polo que ten de brillante tolería; e a de Pavarotti, porque roza a xenialidade.


Sempre a creación artística nace da intuición, á que segue o proceso de pescuda e elaboración. Hai artistas soñadores e hai artistas visionarios. A intuición dos artistas soñadores oriéntase cara á imaxinación, ao vivido, ao subconsciente; a dos



artistas visionarios procura a fantasía, o nunca visto, o inexistente. Coido que as caricaturas de Arafat e Pavarotti son dun artista visionario.

¿Que diría don Vicente Risco delas? Seguramente preguntaría se saíran dalgún lenzo do Bosco que el descoñecera.































# *João Abel Manta*

Artista histórico



# homenagem a João Abel Manta pelo seu 80<sup>o</sup> aniversário

Oswaldo Macedo  
de Sousa

A 29 de Janeiro de 2008, o Mestre João Abel Manta comemorou o seu octogésimo aniversário. Uma longa vida dedicada às artes, desde a arquitectura, passando pela ilustração, a caricatura, o cartoon até à pintura. As homenagens devem ser feitas enquanto os artistas estão vivos e com saúde.

80 anos é uma bonita idade para se comemorar, e creio que nenhum artista, principalmente ligado às artes gráficas, põe em causa o valor, a importância da sua obra no panorama das artes do século xx.

Todos sabemos que o Mestre detesta homenagens e actos públicos de louvor, com palavras ocas, com hipocrisias oficiais e oficiosas. Qual pois a melhor forma de homenagear um artista irreverente? Naturalmente com irreverência, com humor. A forma mais séria de olhar a vida. Qual a melhor forma de se reconhecer a importância estética de um artista? Com o preto de outros artistas. Com o espelho reflector, respondendo à arte com arte. Perante a obra do Mestre, os artistas responderem com humildade, com o melhor da sua expressão estética, parodiando, alegorizando, caricaturando o Mestre... Responderam à chamada: Álvaro Santos, António Amado, António Santos (Santiago), Carlos Amorim, Daniel Moreira, David Pintor, Eriço Aires, Filipa Malaquias, Joaquín Aldeguer, João Mascarenhas, José Ruy, José Santos, Luís Afonso, Luís Veloso, Michel Casado, Nelson Santos, Nuno




Pardal, Paulo Fernandes, Paulo Santos, Pedro Alves, Ricardo Galvão, Romeu Cruz, Rui Pimentel e Zé Oliveira.

Mas quem é João Abel Manta?

Pode-se certamente catalogar João Abel Manta como um ilustrador, um gráfico, um satírico, ou, como agora se diz, um «cartoonista». Só que isso seria limitar a sua obra e não ter a percepção completa da sua criação, do seu estilo. José Cardoso Pires, em conferência, defendeu que ele é um artista de «visão global e poliédrica»,





1970 (SINAR)




1970 (SINAR)

acrescentando: «e vejo-o em dimensão renascentista». Esta perspectiva está dentro da própria auto-definição do artista, que se vê acima de tudo como um Artista Plástico, abrangendo com esse conceito a liberdade de trabalhar em todo e qualquer género de criação plástica. Desse modo, João Abel Manta é Arquitecto por formação académica; Pintor por opção estética; assim como é Artista Gráfico, Gravador, criador de trabalhos decorativos e cerâmicas para integração na arquitectura, Cenógrafo por obra realizada.

Nessa criatividade tão global destaca-se o seu trabalho de «design» ligado ao livro e ao jornal, desenvolvido no âmbito tipográfico e caligráfico, um pouco na tradição de Stanley Morison, cuja obra

J. A. M. estudou em Londres. O que está aqui em jogo é a destruição de barreiras entre definições de géneros, bem como a força de intervenção do artista na sociedade através da sua obra. Esta abordagem, ou «engagement», pode ser interpretada das mais variadas formas, com as designações mais díspares, inclusive com a de «cartoonista».

O «cartoonismo» foi para ele uma necessidade de intervenção despoletada por um determinado período político do país, por não haver outros na época a fazê-lo de forma oportuna e correcta, contra poderes usurpadores, contra correntes filosóficas e políticas que põem em perigo a sociedade. Na sua obra deslumbram-se as várias filosofias e estéticas temporais. Apreciam-se as vicis-



situdes e histórias da sociedade portuguesa, numa visão satírica, irónica, mas sempre vanguardista. Artista de alto poder de versatilidade técnica possuidor de um total controlo dos elementos gráficos de comunicação, uma precisão de intervenção na oportunidade certa e uma constante sombra de ironia, que dá um gosto, uma tonalidade, de humor negro aos seus trabalhos.

Essa cor, feita de sorriso amargo, é o poder que o artista tem de sobrevoar o mundo, desde os sonhos até aos pesadelos, na consciência re-

veladora do absoluto feito arte. Pela sua mão, a frágil aparência das coisas é posta a nu, através de exorcismos mágicos, através da ideia feita traço, linha directa à compreensão humana, sem subterfúgios estilísticos, mais do que os necessários ao jogo plástico. A sua ironia onírica expõe a futilidade do mundo, o anedótico das nossas vidas neo-realistas, perante a destruição da sacralidade de conceitos, de símbolos.

A par da ironia, existe uma força pictórica que transcende o desenho. Se a arquitectura

lhe deu a disciplina, o domínio dos espaços, a pintura enriqueceu toda essa estrutura base, conciliando todos esses pigmentos numa obra plástica invulgar.

João Abel Manta é um artista plástico que percorreu quase todos os géneros de arte, enriquecendo-os todos. E, seja na ilustração, no cartoon, no cartaz, na gravura, na pintura, existe apenas um artista, uno e global.



# POLÍTICO, POVO




# POVO, POLÍTICO




















DOS ANOS DE SALVAR AOS DIAS DE MORRER  
SOVO ABEL MANTA SEMPRE NOTICIA...




UMA BOMBA SEM ELA É UM BOMBO...












Paulo Fernandes





# *25 anos do Carrabouxo*

Homenaxe





# homenaxe ao Carrabouxo

Afonso Vázquez  
Monxardín Fdz.

Fagamos un repaso a 1982. Seguía a lentiña guerra entre Iraq e Irán; outra veloz – cheguei, vin, vencín, derrotáronme, caín – promoveu, inxenua, a ditadura militar argentina nas Malvinas; Maradona veu ao Barça; celebrouse o mundial de fútbol na «naranjita» España; caeu por un barranco e espichouna a Grace Kelly; gañou as eleccións o PSOE de Felipe González e o Nobel de literatura foi para García Márquez; suicidouse Romy Schneider; morreron Ingrid Bergman e Leonid Brézhnev... E en Ourense houbo un suceso extraordinario que ecoou e ecoa na prensa todos os días desde hai décadas: naceu un home fumando. Como o oen. Veu ao mundo un adulto, cangallón retranqueiro e anfiboloxico. ¿Anfi... que? An-fi-bo-lō-xi-co. Que gusta de xogar cos dobres sentidos das palabras e das cousas. Ou como dirían os medievais no tempo das cantigas, coa «equivocatio». El sería intelixente xogar de escarnio máis que de maldizer. Este home-paisano-bebé naceu entre as follas de *La Región* –a nai que o acolleu sempre con cheiro de tinta e papel– e estendeu o nome ao pai que o pariu. Así, Xosé Lois González Vázquez foi mudando en Xosé Lois «o Carrabouxo», como se dixésemos «o ferreiro», «o capador», «o Bucíños», nesa liña de bautismo tradicional que é aporlle oficio, procedencia ou realizacións ao nome propio. Seguramente foi esta invasión do éxito por saber


beber gulosamente na esencia íntima da tradición galaica –unha anfiboloxía retranqueira e divertida– a que desde o primeiro momento alumeou a súa presenza diaria. Empatou directamente, pois, sen intermediarios, coa xente. Pero o Carrabouxo non é simplemente un personaxe humorístico. Ca. Eses duran só unha temporada de moda, e falamos aquí de 25 anos seguidos. El é moito máis. É un arquetipo popular que leva dentro, na cerna, onde parece que é máis mol, unha mosca. Igual que a

*Disholcaspis quercusglobulus* inxecta a semente da súa estirpe na cortiza das poliñas de carballo e fai nacer alí *bugallo* –que nós chamamos en Ourense sempre carrabouxo–, o Xosé Lois traspásalle ao seu personaxe a vontade de transmitir sobre todo humor e logo conciencia social ou ideoloxía. Algo semellante –popularidade, humor, intención– achanzou o camiño para que outro humorista se convertese na figura máis importante do século xx desta Terra, e digo Castela e todos me entenden. Se cadra pensando no de Rianxo, di Xosé Lois con ironía que o Carrabouxo é o único nacionalista vivo cunha estatua. É certo desde logo e non había ser menos. Primeiro choutou das páxinas do xornal á pantalla, alá polo ano 2000, e logo clonou en estatua no 2002. E desde ese momento asumiu tamén o rol de *meeting point* de boa parte da xuventude ourensá. «Quedamos no

Carrabouxo» é unha das frases que máis se oíe nas noites de festa entre uns adolescentes e mozos que xa o coñecen tamén dos libros de texto. Atallando, o Carrabouxo é o primeiro que se le no xornal, pasou á pantalla, converteuse en estatua metálica, entrou decidido nos corazóns e nos costumes dos cidadáns... ¿Que máis se pode pedir, logo? Ah! A homenaxe dos seus compañeiros, dos debuxantes amigos e das forzas vivas da caricatura e o deseño. Pois velaquí está esta bienal e esta exposición. Graciñas e dálle.




















*retranca*



# retranca

## Xavier Paz

2007 foi ano de humor. À apariçom de *Retranca. Revista Mensual de Humor Galego* somãrom-se umha nova entrega em Xerais das *Chispas de Quessada* – que começara a editar Xosé Maria Álvarez Blázquez na colecçom O Moucho em 1971 –, *O humor non engorda...!!!* – de Kiko da Silva em Biblos Clube de Lectores –, *Feísmo Ilustrado* – de quinze ilustradores e humoristas gráficos – na Difusora de Letras, Artes e Ideas, e as celebraçoms em Ourense dos vinte e cinco anos do humor do Xosé Lois encarnado no Carrabouxo.

Claro que nada vem do nada, e tudo tem precedentes e antecedentes. Falando em revistas, fôrom os casos de *Can Sen Dono* (1983–1990), *Sapacancho* – editado polo Museo do Humor de Fene e que desde 1994 tirou dezassete números – e *Xo! A Voz que Pãra as Bestas*, também na década de noventa.

Todas estas vozes e desenhos que cerzem a *Retranca* vam enfiadas na agulha de incessante

pontada de Kiko da Silva. Eis os novos – e nom tam novos – nomes de humor galego que dam corpo à revista no arranque desta nova singradura editorial: Alberto Guitián, Alberto Montt, An, Andrés Meixide, Camilo Franco, Idígoras & Pachi, Jacobo Fernández, Kohell, Leandro, Luís Dávila, López Rubiños, Manolo Rivas, Manuel Jabois, Manuel Lourenzo, Mel, Miguelanxo Prado, Pestinho+1, Pinto & Chinto, Reizentolo, Siro López, Víctor Rivas, Xaquín Marín, Xosé Manuel, Óscar Villán...

Saudamos portanto este novo produto cultural, esta nova ferramenta para a normalizaçom, e instamos a autoridade competente para que inclua as terapias do humor no sistema galego de saúde e bem-estar começando por administrar doses generosas de *Retranca* em todos os centros públicos, e instamos também a autoridade editorial competente a que faga um esforço para nos fazer rir com paridade, que havê-las hai-nas.















# *Gogue*

Autor galego





# Gogue, o debuxo galego universal

Jesús Portela

Subdirector de *Faro de Vigo*

O debuxo galego ten un referente na figura de Gogue. O artista fai humor gráfico nas tiras diarias que publica no xornal *Faro de Vigo* e, sobre todo, caricaturas, especialidade na que, probablemente, é un dos mellores autores do mundo. Os seus traballos, grazas á difusión por Internet, acadan cada ano maior presenza internacional e gañan seareiros en todo o mundo.

As súas caricaturas están a converter a Gogue nun dos galegos máis coñecidos nos Estados Unidos de América. Universidades, museos, revistas e xornais chaman este artista para contar cos seus traballos. E aínda máis, chegan, tamén, a premialo. Os andeis da súa casa quedan pequenos para acoller os premios e as medallas que está a gañar polos seus debuxos.

Polas mans de Gogue desfilan os persoeiros máis importantes do panorama mundial. Caricaturiza a reis, presidentes, políticos, actores, deportistas... Seguro que na súa maior parte, estes personaxes gardan como un tesouro estas auténticas obras de arte.

A fama das súas caricaturas traspasa fronteiras, pero en Galiza Gogue está unido e vinculado a Floreano.

No seu traballo xornalístico, este grovense está empeñado dende hai moitos anos en que o Floreano e os seus compañeiros de tira gráfica te-

ñan recoñecemento mundial. Dende as páxinas de *Faro*, Floreano asoma cada día e preséntase como un galego máis listo que intelixente, máis bebedor que borracho e cunha filosofía máis galega que a do seu pai artístico. Floreano como Gogue, ou Gogue a través do pensamento de Floreano, amosa algunhas das mellores ocorrencias verbais do modo de entender a vida do galego da rúa. Pensamentos que xorden directamente da barra do bar mentres toma un grollo de viño tinto en cunca, ou de calquera cuarto dunha casa na que convive Floreano coa súa muller, outro compendio de filosofía galega dende a visión feminina.

Floreano convértese en herdeiro dos mellores caricaturistas e humoristas gráficos que sempre tiveron cabida nas páxinas do *Faro de Vigo*, xornal decano da prensa española. A retranca «floreaniana» —«Vaiche boa, Vilaboa»— lémbreme as sentenzas xeniais que Castelao immortalizaba nos seus debuxos, ou, máis nestes últimos tempos, os inesquecibles diálogos dos personaxes de Fernando Quesada.

Floreano, da man artística de Gogue, quedará para sempre unido ao xeito de pensar do galego común, do galego universal, no que xa está convertido o seu autor.



¡ FELÍZ CUMPLEANOS,  
AS PÍLAS CÓMPRALLAS TÍ !



Gogue

¿QUEN CHE MANDA  
FASER MALABARISMOS  
COA TORTILLA ?











*as vozes líricas  
do século xx*



# as vozes líricas do século xx

Oswaldo Macedo  
de Sousa

O primeiro acto do ser humano é um grito de terror por ter chegado a este inferno, assim como o ultimo é um suspiro de alívio por daqui partir. A voz é, pois, um dos meios de comunicação mais importantes do Homem. Através dela, não só manifesta as suas dores e alegrias em sons guturais, como modela os sons em palavras de amor, de diálogo, de ordem, de ironia, de música...

A expressão artística, para além do riso, é uma das características que distingue o Homem dos outros animais. Dentro das múltiplas fórmulas criativas, a ópera é aquela em que mais expressões estéticas se entrelaçam para o resultado final. Tudo começa no sonho de uma história, alegre ou trágica, encarcerada em palavras que sejam sintéticas e moldáveis em melodia. Com elas a música transforma a secura do texto em melodia, em harmonias várias, na polifonia dos sentimentos e situações. Junta-se então o pintor/escultor/arquitecto que cria fundos cénicos, que dão ambiência tridimensional à história, encenada e representada por cantores/actores e, por vezes, bailarinos acompanhados por músicos e maestro que dão consistência harmónica à construção.

A ópera, ou seus similares como Zarzuela, Opereta, Musical... é a conjugação de diversas artes no triunfo do entretenimento em que a voz atinge os limites da excelência da interpretação, da sua exploração harmónica e expressiva. A ne-

cessidade de atingir vasto número de ouvintes, de ultrapassar a orquestra e a distância entre o palco e a sala, obrigou o Homem a criar técnicas de projecção vocal, de exploração de todas as ressonâncias faciais e peitorais para se fazer ouvir.

Estas composições operáticas têm feito correr muitas lágrimas de prazer, seja em comunhão com a tragédia, seja em gozo apenas auditivo, seja pelo desfrute do prazer de observar a vitória sobre os limites humanos da vocalidade melódica. Das notas mais agudas às mais graves, o cantor exprime os sentimentos, as sensações que o compositor quis transmitir.

Quem são as melhores vozes? Diria a minha querida professora: «O Cantor genial não é aquele que tem boa voz, mas aquele que triunfa». Para se triunfar deve-se ter boa voz, mas também uma magnífica musicalidade, ser bom intérprete e muita vontade de querer vencer, ultrapassando por vezes os limites da ética de camaradagem. Na voz, como em todas as profissões, isto tudo é um mundo selvagem de lobos e cordeiros. Escolher uma centena das melhores vozes do século é uma escolha subjectiva, porque cada um faz uma escolha diferente. Estas vozes são uma escolha, eventualmente uma lista com muita gente a concordar com ela, se não a 100% pelo menos a 90, 80, 70%... São cantores que ao longo do século xx impressionaram muita gente,



que deixaram discos inolvidáveis, que fizeram grandes carreiras.

Fazer humor com cantores de ópera não é um abuso da nossa parte, já que a comédia é um dos múltiplos elementos integrantes da ópera. Temos a ópera «bufa», temos os cantores «bufos», temos os «Rigoletos», os «Canios»..., e o humor é também harmonia, melodia para as nossas almas.

Esta iniciativa é uma homenagem a essa Arte Lírica e, ao mesmo tempo, uma homenagem ao primeiro dos grandes Tenores do século xx, Enrico Caruso, que, para além de cantor, era também caricaturista. Através da sua pena podemos ficar a conhecer um pouco desse mundo misterioso dos bastidores, conhecer alguns dos cantores que com ele contracenaram... Uma mostra que algum dia terá de ser recuperada, mas aqui demos a pena a artistas portugueses e espanhóis para nos darem o prazer de reconhecermos fâcias, de recordarmos nomes e carreiras. Estes os artistas que nos deram o prazer das suas interpretações: Antônio Amado, Carlos Amorim, David Pintor, Eduardo Esteves, Ferreira dos Santos, Gogue, Henrique Monteiro, Joaquín Aldeguer, Leandro Barea, Michel Casado, Miguel Salazar, Nelson Santos, Omar Pérez, Paulo Santos, Pê (Pedro Ribeiro Ferreira), Ricardo Galvão, Rodrigo de Matos, Rui Pimentel, Rui Duarte, Santiago (Antônio Santos), Sex (María José Mosquera) e Zê Manel.

















*caricaturistas  
galegos*





# caricaturas a esgalla

Marcos Valcárcel

Chega a Bienal da Caricatura de Ourense á súa novena edición e a cidade auriense convértese por varias semanas na capital da caricatura e o humor gráfico en Galicia. Hai xa unha pequena tradición consolidada nestas nove convocatorias e a confirmación dunha vocación que vén de vello: hai agora 25 anos iniciaba as súas viñetas en *La Región* Xosé Lois González, co seu popular personaxe O Carrabouxo, e nas mesmas datas, aínda un pouquiño antes, levábase a cabo nesta mesma cidade a primeira exposición sobre caricatura e humor gráfico galegos. Foi na Agrupación Cultural Auriense, a comezos de 1983, e dende alí puxémola en marcha o propio Xosé Lois, que presidía a Auriense, e o cronista que asina estas liñas. E non eran aqueles malos tempos para o humor en Galicia: en febreiro do ano 1983 saía tamén á venda o primeiro número da revista *Can Sen Dona*, xa desaparecida.

Dende aquela, 25 anos de distancia, choveu moito. Cambiaron as cousas, a realidade política, o mundo social, os estímulos da vida cultural, pero a caricatura e o humor seguen aí presentes: sobre todo nos xornais, tamén nalgunha revista (*Retranca*), sen ningunha tentación de marchar cara a ningures. Moi pola contra, mantense moi viva a vocación de crónica social e denuncia das imposturas que os humoristas gráficos manteñen

en Galicia dende hai varias décadas (empezando polos pioneiros de finais do franquismo: Siro López, Xaquín Marín, Fernando Quesada, etc.). Das moitas lecturas que a andaina recente deste país pode ofrecer ós galegos do futuro, a dos humoristas é, sen dúbida, unha das máis creativas e simpáticas, das máis orixinais e contundentes tamén.

Para iso os humoristas precisan de aliados: camiños e estratexias para chegar ó público. Os campos ensánchanse e hoxe existen multiplicidade de alternativas de comunicación (páxinas webs, blogs, foros, medios audiovisuais en xeral, etc.), pero, con todo iso, a prensa segue a ter un papel fundamental nesta mutua relación entre o humorista e o seu público. Por iso é especialmente oportuna a colectiva de caricaturistas galegos que ofrece cada Bienal e que nos permitirá achegarnos á obra na prensa galega de autores como Abraldes, Aguilera, Pepe Carreiro, Dávila, Estévez, Gogue, Nacho Hortas, Xosé Tomás, Leandro, López, Xaquín Marín, Pinto e Chinto, Omar, Orballo, Miguelanxo Prado, Fernando Quesada, M. B. Rey, Santy, Kiko da Silva, Calros Silvar, Siro, Suso Sanmartín, Tonisavski, Valcárcel, Veiga e Xosé Lois. Todos eles teñen linguaxes e estilos diferentes, posicións ante a vida e a realidade ás veces mesmo contraditorias, pero todos comparten unha mesma mirada desveladora do mundo dende a forza da ironía e o humor. Por iso paga a pena ache-

garse á súa obra, presente nesta Bienal, que escolma dalgún xeito as miradas de milleiros e milleiros de galegos que saben mirar ó seu arredor con certa empatía e sen dogmatismos, miradas que non queren só explicar, senón tamén comprender e compartir unhas inquedanzas comúns. Dito ben ás claras, rírnos todos un pouco de todo, por suposto tamén de nós mesmos, sen que se manque ninguén...

Aínda que non sempre é doado. Ben se ve que a caricatura segue a ter un poder corrosivo de estruturas e mentalidades que para si quixeran outros medios. Os debuxantes poden chegar a ser multados (e algo diso sabemos na nosa recente historia: dende aquí a miña solidariedade cos humoristas de *El Jueves*) ou, moito peor aínda, ser relegados a unha vida case clandestina, como o debuxante danés Kurt Westergaard, de 73 anos, ameazado de morte polo fanatismo islamita por unha caricatura de Mahomet publicada hai dous anos na prensa danesa. O fanatismo nunca ten sentido do humor e, ante unha caricatura, sempre verá a parte máis negativa da realidade: precisamente un Mahomet con turbante e unha mecha para explotar pode ser unha denuncia da utilización dese fanatismo relixioso por un terrorismo oportunista e manipulador. Pero non é esa a linguaxe dos intolerantes. A estes hai moito tempo que se lles foi a capacidade de bosquexar un sinxelo sorriso.














































GOQUE






























LÓPEZ 07



LÓPEZ 07





ALVAREZ 07




MOTU PROPIO










*Xaquín Marín*




RETORNA




















OR  
BA  
LLO

NOVAS ESPECIES GALEGAS




OR  
BA  
LLO

























































































TONISOVSKI

TONISOVSKI































ESPAÑA É PLURINA-  
CIONAL! BERRE  
BEN, A VERSE  
A VOSTEDELLE  
FAN CASO!



"G" DE GALIÇA?  
NON; DE GENOVA!









***IX concurso galego  
para caricaturistas  
noveis***



# IX Concurso Galego para Caricatu- ristas Noveis

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense Ferreiro. Cada un dos premios ten unha dotación de como contribución á IX Bienal da Caricatura. 250 euros.

O concurso está aberto a todos os autores residentes en Galicia que teñan unha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos. Os regulamentos estipulan que tanto a técnica como os temas son libres, aínda que se valoran especialmente os personaxes procedentes dos campos cultural, social ou político galegos.

**Premio á mellor colección:** Juan Luis Pérez Rodríguez. A súa colección está composta por representacións en acrílico de Luis Moya, Pepe Domingo Castaño, Los Suaves, Teté Delgado, Luis Piedrahita e Kiko Cadaval. Dotado con 800 euros.

**Premios ás mellores caricaturas:** Miguel Casado Freire, por unha caricatura de Luís Tosar; Daniel Iglesias Padrón, por unha caricatura de Luis Piedrahita; Roi Rodríguez Cagiao, por unha de Evo Morales; e Miguel Ruiz Díaz, por unha de Iván

**Outros participantes:** Sandra Álvarez Guzmán, Eulogio Canal Pérez, Carlos Casado Freire, Alba Cid Fernández, Cristina García Cabanas, Alberto Lema Calvo, Roi Paz Collazo e Luis Sendón Cedrón.

O xurado estivo composto por Juan Francisco Gálvez, José Paz, Isabel Pérez, Omar Pérez e Juan Valcárcel, e actuou como secretario Benito Losada.



































ISBN 978-848762367-7



9 788487 623677



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Dirección Xeral de Xuventude e  
Solidariedade



tenencia cultura  
DE ALCALDE CONCELLO DE  
OURENSE

